



CONVENIO DO CONCELLO DE REDONDELA COA DIOCESE DE TUI VIGO

En Redondela, a 1 de xullo de 2016

REUNIDOS

Dunha parte o Alcalde do Ilmo. Concello de Redondela, Don Javier Bas Corugeira, na representación que ostenta en virtude dos artigos 21.1 b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Outra, Don Benito Estévez Domínguez, con DNI 35924972F que ostenta a representación da Diocese de Tui Vigo e con CIF R3600056J, e enderezo na rúa Doctor Córbal, número 90 en Vigo, cuxa representación manifesta neste acto.

Ambos recoñécense capacidade, representación e poder suficiente para subscribir o presente convenio, polo que a tal efecto.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello de Redondela ten competencia en materia de prestación de servizos sociais; todo elo segundo establecen as disposicións transitorias primeira e segunda da Lei 27/13, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e o artigo 3 e disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/13, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

SEGUNDO.- Que dentro da diocese de Tui Vigo, dende fai anos existe un grupo de voluntarios denominado "Cáritas parroquial de Redondela e Vilavella", sen ánimo de lucro, cuxa misión é a de impulsar a acción caritativa e social en ambas parroquias. Para elo, realiza, entre outras, as seguintes actividades no ámbito territorial do termo municipal de Redondela que redundan en beneficio dos seus habitantes:

- Acollida: atención directa ós usuarios, con reparto de alimentos, axudas no pago de aluguer...
- Visitas a anciáns e enfermos en residencias e hospitais.
- Cursillos de formación.
- Campañas de sensibilización.
- Programa de atención da alimentación na infancia.
- Campaña de verán para alimentación digna de familias con menores.
- Programa de emprego con realización de talleres de habilidades sociais.

Que sendo os obxetivos sinalados de marcado interese público e social, é propósito de ambas dúas partes colaborar na súa consecución e no seu logro das mesmas polo que

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



subscriben o presente convenio con arranxo ós seguintes

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Que a Diocese de Tui Vigo presenta:

- a) Cumprimento dos requisitos do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- b) Certificados de estar ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- c) Declaración responsable respecto a obriga contida no artigo 25 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.
- d) Declaración responsable de non ter solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración de cada unha delas e que o importe xustificado supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas.

SEGUNDO.- A Diocese de Tui Vigo ven desenvolvendo ó longo destes anos actuacións relacionadas coa misión referida. Estas actividades van redundar en beneficio da/os veciña/os de Redondela que van ter a oportunidade de beneficiarse de ditas actuacións.

Debido ás características singulares e propias desta labor non é posible encadrar esta subvención dentro dun procedemento de concesión de subvencións de concorrencia.

En virtude do anteriormente exposto, a Diócese de Tui Vigo e o Concello de Redondela acordan subscribir un convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Que a Diocese de Tui Vigo está interesada en recibir un patrocinio por parte do Concello de Redondela co obxecto de poder sufragar parte dos gastos que implica a prestación das actividades que realiza no seu ámbito de actuación. Patrocinio que se encadra dentro da xa extensa labor, dentro das súas posibilidades, que se realiza por parte do Concello no ámbito da prestación de servizos no ámbito dos servizos sociais e da sanidade.

SEGUNDA.- Que o Concello de Redondela está interesado en fomentar os servizos de carácter local prestados por entidades de iniciativa social, e apoiar o desenvolvemento de programas dirixidos a colectivos de persoas con especiais dificultades de inserción sociocomunitaria e en situación de desvantaxe social, todo elo dentro da competencia xenérica do Ilmo. Concello de Redondela que se recollen na lexislación xa citada no primeiro expoñendo.

TERCEIRO.- Tal como se establece no punto anterior, estando o Concello de Redondela interesado na promoción dunha actividade de servizos sociais e como se di na

Concello de Redondela


Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



exposición segunda, tendo a realización das diversas actividades unha gran repercusión nun ámbito importante da veciñanza da vila. É por elo que se demostra deste xeito o interese social polo que o Concello de Redondela decide asinar un convenio coa Diocese de Tui Vigo.

Así, no Orzamento aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 30 de decembro de 2015, entrada en vigor o 15 de febreiro de 2016, recóllese aplicación orzamentaria 2311A480004 para o outorgamento da subvención. Con posterioridade e por Resolución de Alcaldía de data 1 de xullo de 2016, aprobouse outorgar unha subvención por importe de 15.000 € (QUINCE MIL EUROS) a cal se articulara, atendendo ás peculiaridades da actividade a fomentar, a través do presente convenio para o patrocinio e fomento dos fins de utilidade e interese social antes comentados e de competencia de ambas entidades.

CUARTA.- a Diocese de Tui Vigo comprométense a seguir realizando as actividades antes mencionadas, como ata agora o ven facendo e en concreto a:

- 
- a) Entrega de alimentos, ou produtos de consumo básico (roupa, calzado, produtos de hixiene) á persoas en risco de exclusión social e como loita a malnutrición.
 - b) Especial atención á malnutrición no ámbito da infancia do nos Concello.
 - c) Realización de talleres de habilidades sociais para a búsqueda de emprego.
 - d) Comprométense a facer constar na publicidade realizada por calquera medio que as actividades e servizos que realice contan coa colaboración do Concello de Redondela. A Asociación comprométese a unha utilización respetuosa do nome e da imaxe do Concello de Redondela.
 - e) Remisión, con carácter cuatrimestral, dunha memoria de actividades e atencións realizadas.

QUINTA.- Así mesmo comprométese a cumprir coas obrigas dos beneficiarios establecidas na lexislación aplicable que se recollen como anexo deste convenio e en especial a achegar facturas ou documentos substitutivos de facturas, orixinais ou debidamente compulsadas, polo menos, polo importe de 15.000€ (QUINCE MIL EUROS) co obxecto de verificar que a actividade se desenvolveu e que o importe concedido non supera o custe das actividades desenvolvidas. Así mesmo, a xustificación so se poderá referir a gastos realizados para sufragar o obxecto deste convenio e que foron efectivamente pagados este ano con anterioridade á xustificación da subvención, salvo nos casos dos pagamentos a conta. No caso de que ó finalizar o prazo para a xustificación, non se xustificara a totalidade da subvención procederase automaticamente á anulación da subvención polo non xustificado.

As facturas que se presenten para a xustificación deberán ser emitidas conforme ó establecido legalmente no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro. En caso contrario, a factura non contará para a xustificación. Con carácter xeral, a xustificación terá unha relación directa coas actividades subvencionadas. Os gastos xustificadas non poderán ter o carácter de investimento. No caso de que se presenten copias das facturas, aparte de que estas deberán estar debidamente compulsadas, o beneficiario deberá presentar as facturas orixinais para que sexan seladas polo Concello onde se faga constar que a factura se utilizou para xustificar unha subvención.


Concello de Redondela



En caso de que a xustificación se realice mediante documentos substitutivos de facturas deberá poñerse de manifesto as razóns polas que non se pode xustificar o gasto con facturas. A apreciación deste feito será realizada polo órgano que aprobe a xustificación. En caso de que non este conforme coa xustificación requirirá á Diocese de Tui Vigo a que presente outra xustificación de acordo co establecido na lexislación pertinente. Se a xustificación non alcanza a cantidade mínima necesaria para realizar o pago da cantidade concedida, esta se reducirá proporcionalmente á cantidade xustificada. Os libramentos dos fondos realizarase a medida que se vaia xustificando o gasto. O prazo máximo para a xustificación será o **1 de decembro**.

Así mesmo, coa xustificación da subvención da Diocese de Tui Vigo deberá presentar:

1. Memoria detallada da actividade realizada, en que consistiu, e o número de participantes na activade.
2. Que as facturas se axustan á finalidade recollida no convenio.
3. Que non se atopa en ningún dos supostos establecidos no artigo 13 da LXS ou no artigo 10 da LSG que a inhabiliten para obter a condición de beneficiario da subvención.
4. Certificado de atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Redondela.
5. Certificado de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a seguridade social.
6. Que non ten solicitada nin concedida outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificado supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas.
7. Unha certificación de atoparse ó corrente do cumprimento da obriga de reintegro de subvencións.
8. Unha declaración de que o custe do IVE que aparece nos documentos que presentan na xustificación non ten carácter de recuperable para a entidade beneficiaria.



Previamente á aprobación do gasto, a área de Servizos Sociais procederá á valoración de se, coa xustificación presentada pola Diócese de Tui Vigo se cumpre coa finalidade da subvención.

Por último a Diocese de Tui Vigo comprométese a non participar na concesión de subvencións que podería outorgar o Ilmo. Concello de Redondela conforme as Bases de subvencións aprobadas no seu día pola Alcaldía ou órgano competente mentres dure a vixencia deste convenio pola mesma actividade que se recolle neste documento.

SEXTA.- O Concello de Redondela responsabilízase de:

- Tramitar a xustificación que presenten no seu momento a Diocese de Tui Vigo.

SÉTIMA.- Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A sinatura do presente convenio suporá o recoñecemento por parte da persoa que ostenta a

Concello de Redondela



representación da Diocese de Tui Vigo de que o importe total das subvencións obtidas, incluída á que se refire este convenio, das diferentes Administracións Públicas, non supere o custe das actividades a desenvolver polo beneficiario.

OITAVA.- O corpo normativo aplicable estará formado por:


- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- A Lei 9/2007, de 25 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.
- A Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Redondela.
- As Bases de Execución do Orzamento do Itmo. Concello de Redondela.
- Con carácter supletorio o Dereito Administrativo.

NOVENA.- A Diocese de Tui Vigo queda expresamente comprometida e coñece todo o establecido nos Títulos II, III e IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións referidas ó reintegro de subvencións, control financeiro de subvencións e infraccións administrativas en materia de subvencións.

DÉCIMA.- Este convenio ten carácter administrativo.

Conforme co mesmo o firman as persoas e no lugar e data arriba sinalados por triplicado exemplar.

O ALCALDE
DO CONCELLO
DE REDONDELA



Asdo: Javier Bas Corugeira

A/O REPRESENTANTE DA
DIOCESE DE
TUI VIGO

Asdo: Benito Estévez Domínguez

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Anexo ó convenio no que se recollen as obrigas do beneficiario desta subvención

1.- Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria presentada.

2.- Xustificar ante o Concello de Redondela, o cumprimento dos requisitos e condicións, así coma a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.

3.- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4.- Comunicar ó Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto coma se coñeza.

5.- Acreditar que está ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na disposición adicional decimoitava da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

6.- Dispor dos libros, rexistros e/o documentos debidamente cumprimentados de acordo coa normativa aplicable ó beneficiario ou receptor, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

7.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

8.- Facer constar naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, que contan coa subvención do Concello. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e nome do Concello de Redondela.

9.- Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

10.- Con carácter xeral, deberán desenvolver a actividade subvencionada no termo municipal de Redondela.

11.- As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Polo que se refire á xustificación dos gastos é unha das obrigas de todo beneficiario co Concello de Redondela. Con carácter xeral, a xustificación realizarase mediante facturas orixinais ou compulsadas directamente relacionadas co obxecto da subvención, e no seu caso, correspondentes ó período para o que foi concedida. As facturas deberán conter os seguintes datos:

a) Emisión á persoa ou entidade beneficiaria, con especificación do seu N.I.F. ou C.I.F., domicilio fiscal, localidade e código postal e o Departamento ou Servizo destinatario da prestación.

b) Identificación completa do provedor ou contratista, especificación polo menos, en todo caso, a súa denominación, N.I.F ou C.I.F, domicilio fiscal, localidade e código postal.

c) Número de factura.

d) Lugar e data de emisión da factura.

e) Descrición suficiente do subministro realizado ou do servizo prestado, con detalle das unidades obxecto do servizo ou subministro, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do Imposto sobre o Valor Engadido.

f) Período que corresponda.

